



nota de prensa

Veciñanza lamenta que a programación do *Activerán* se concentre no casco urbano e esqueza a mocidade do rural

Por enriba das deficiencias que presenta a programación cultural e de lecer neste verán, é criticable o feito de que se concentre en exclusiva no casco urbano, esquecendo por completo as parroquias e aldeas do rural.

Cuntis, 7 de xullo de 2017. O Concello de Cuntis vén presentando Nos últimos anos un conxunto de actividades de lecer durante o período estival denominado 'Activerán'. A programación do Bipartito mantense tamén nesta área no **continuismo** e non difire practicamente en nada do que se proxectaba durante o Goberno do Partido Popular. A oferta para este 2017 recolle, como vén sendo habitual, moitas iniciativas que realmente impulsan outras entidades e asociacións da vila, e nas que a implicación institucional non vai máis alá dunha **moi precaria difusión**. En resumo, a proposta que organiza directamente o Concello é **escasa, insuficiente e pobre**.

Por enriba das deficiencias que presenta a programación cultural e de lecer neste verán, é criticable **o feito de que se concentre en exclusiva no casco urbano, esquecendo por completo as parroquias e aldeas do rural**. O Concello non tivo a ben descentralizar as actividades e pensar máis alá do centro da vila, pensar nos mozos e mozas que viven no rural e para os/as que non sempre é doado desprazárense á vila do Baño. **A dispersión poboacional é algo que non ten en conta o Goberno Local, que ignora sistematicamente os seus efectos, así como as dificultades existentes en materia de mobilidade.**

Veciñanza esíxelle ao Goberno Local unha renovación da oferta cultural e de lecer tanto no verán coma no resto do ano, así como a atención ao rural e aos seus veciños/as. A principal característica deste goberno é a escaseza de ideas, a incapacidade para ofrecer iniciativas distintas e dirixidas a toda a poboación. No referido ao Activerán, é clamoroso o esquecemento da oferta no rural e o ignorar unha das principais características demográficas do noso municipio. O continuismo a respecto da lexislatura anterior apréciase perfectamente na programación cultural e de lecer, e mantense lonxe a aspiración de achegar as actividades a todas as parroquias do municipio. Veciñanza agarda que se reverta esta situación e o Goberno Municipal sexa quen de vencer as súas evidentes limitacións.

